

## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vintenoventa de outubro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D. Xabier Molinos Campos, e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Discúlpase a asistencia de D. José Yebra Amorín e Dona Elvira Lombao Vila.

A Concelleira D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela incorpórase no punto cuarto.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1-APROBACIÓN DA ACTA A SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBO DE 2020.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 24 de setembro de 2020.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández expón que non teñen a acta.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio López expón que ten a acta pero non lle deu tempo a revisala.

O secretario comunica que a acta enviouse ao correo no día da celebración da sesión.

O Alcalde decide retirar da orde do día a votación, deixando o asunto sobre a mesa.

### **2- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS USOS FORESTAIS DO SOLO.**

“O alcalde inicia o debate asumindo a defensa da proposta de aprobación inicial da seguinte:

*ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓN S DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SUELO*

#### *1.- Obxecto*

*A presente ordenanza ten por obxecto regular as distancias das plantacións arbóreas ou arbustivas, ou do seu crecemento espontáneo, respecto das edificacións, co gallo de garantir á seguridade e salubridade dos predios así coma o mantemento das boas relacións de veciñanza.*

#### *2.- Ámbito obxectivo*

*A presente ordenanza será de aplicación dentro do solo clasificado como solo urbano, urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural.*

*As distancias respecto de viais e conducción de auga e as distancias previstas para o substrato arbustivo con respecto a praderías ou fincas de labor serán de aplicación a todas as categorías de solo.*

#### *3.- Distancias das plantacións forestais*



*En solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable delimitado non se permiten plantacións das especies prohibidas pola lexislación forestal de Galicia nas redes secundarias de fanxas de xestión.*

*A tal fin, considerarase como solo de núcleo rural o delimitado coma tal no planeamento municipal vixente, así coma a súa área de tolerancia exterior. Consecuentemente, as distancias previstas na lexislación forestal autonómica se computarán dende a liña imaxinaria delimitadora da área de tolerancia exterior.*

*Dentro de estas categorías de solo, permitirase a plantación de especies frondosas ou frutais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas non se achegen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela colindante.*

*O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase dende o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobor o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.*

*Non se terán en conta as edificacións adicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.*

*En toda clase de solo as pes das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 ml, respecto do dominio público viario, de conducións municipais de abastecemento ou evacuación de augas o de instalacións de alumeado público sen que as polas poidan invadir o seu vuelo e salvo que a normativa específica estableza unha distancia superior.*

#### *4.- Distancias das plantacións arbustivas*

*A vivendas:*

*Arbustos de ata 2 m. de altura..... 1 m.l.*

*Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 10 m.l.*

*A edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 m. de altura)..... 10 m.l.*

*A praderías e fincas de labor:*

*Arbustos de ata 2 m. de alto ..... sen limitación.*

*Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 3 m.l.*

*A camiños públicos:..... 5 m.l. dende o eixo e 3 m.l. dende o borde.*

*A conducións municipais de abastecemento ou evacuación de auga ..... 5 m.l.*

*A outras plantacións:*

*Arbustos de ata 2 m. de alto.....sen límite*

*Ídem. de máis de 2 m. de alto.....a mesma das plantacións existentes, con un máximo de 3 m.l.*

#### *5.- Condicións de xestión dos estratos herbáceos e arbustivos*

*Dentro do de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado, a xestión da biomasa deberá responder aos seguintes criterios:*

*No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000m3/hectárea.*

*A altura máxima da vexetación de crecemento espontáneo, arbustiva e herbácea non poderá rebasar os 30 cm. Dita altura máxima non será de aplicación aos cultivos agrícolas e praderías que sexan obxecto, a lo menos, dunha colleita anual.*



#### 6.- Intervención municipal na corta e saca de madeira

A corta de especies arbóreas e a saca da madeira a través do dominio público viario estará suxeita a comunicación previa.

Non está suxeito ao réxime de comunicación previa a corta e saca de madeira para autoconsumo.

A corta de árbores xenlleiras estará suxeita a licenza municipal.

#### 7.- Contido da comunicación previa

A comunicación deberá presentarse, a lo menos, dez días hábiles antes do inicio das actuacións de xestión.

A comunicación previa expresará:

- a) A referencia catastral da parcela onde se producirá a corta.  
*Referencia catastral da parcela onde se producirá o depósito da madeira.*
- b) Identificación dos camiños ou estradas municipais por onde se sacará a madeira.
- c) Os días nos que se producirá a corta e retirada da madeira.
- d) Persoa física ou xurídica que realizará as tarefas de corta e retirada, con expresión do seu NIF ou CIF e domicilio.

A dita comunicación xuntarase:

- a. Copia da autorización autonómica ou comunicación previa para a corta.
- b. Copia do documento identificativo do comunicante.
- c. Copia da póliza de responsabilidade civil do profesional ou empresa que realice as actuacións de corta e/ou retirada da madeira.
- d. Xustificante do pago da taxa municipal.

As comunicacións que non reúnan os requisitos anteriores non producirán efectos e se terán por non presentadas.

A obriga de presentación da comunicación corresponderá ao propietario da parcela. Non obstante, nos supostos de que a corta e retirada da madeira se realice por un terceiro, corresponderá a éste a presentación do escrito de comunicación previa.

#### 8.- Condicións de utilización especial do dominio público viario

Prohíbese a circulación de autocargadores e tractores cargados polas vías municipais asfaltadas. Ditos vehículos únicamente poderán circular baleiros.

#### 9.- Infraccións e sancións

9.1 De conformidade co disposto no artigo 140 da Lei 7/1985, de 2 de abril, constitúe infracción administrativa grave a produción de danos graves e relevantes no dominio público viario a consecuencia do tránsito de vehículos vencellados a actividades forestais.

Consideraránse danos graves e relevantes aqueles que impliquen un deterioro da plataforma viaria que imposibilite ou dificulte gravemente o tránsito ordinario pola vía.

A comisión de esta infracción conlevará a imposición de sancións de até 3000 euros.



9.2 *Considérase infracción administrativa grave a omisión do deber de limpeza do dominio público viario dos restos das actividades de xestión da biomasa realizadas por particulares.*

*A comisión de este infracción conlevará a imposición de sancións de até 1500 euros.*

9.3 *Considérase infracción administrativa grave o incumprimento do deber de presentación da comunicación previa da realización de actos de xestión da biomasa, sempre que ditos actos de xestión conleven unha ocupación especial do dominio público viario.*

*Considérase que os actos de xestión da biomasa conleven unha ocupación especial do dominio público viario cando se empregan máquinas ou vehículos que, polo seu tonelaxe, poidan producir danos no vial.*

*A comisión de este infracción conlevará a imposición de sancións de até 1500 euros.*

*Terán a condición de responsables das infraccións expresadas neste artigo as persoas físicas ou xurídicas que realicen as actuacións de xestión da biomasa productora dos danos así coma os propietarios do dereito de aproveitamento das parcelas onde se realicen tales actos de xestión.*

*A imposición da sanción será independente da obriga do infractor de custear o importe das actuacións de reposición dos danos causados.*

*Disposición derradeira*

*A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.*

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos expón que van a votar a favor.

Que o 26 de abril de 2018 o BNG presentou preguntas sobre este tema e o 28 de xuño do mesmo ano presentou unha moción para que se iniciase a redacción de unha ordenanza reguladora de corte e saca da madeira, polo que felicitan ao Alcalde por esta proposta de ordenanza.

Non obstante, recordan que no Concello de Outeiro de Rei non existe un catálogo de árbores senlleiras, motivo polo cal proponen novamente que se realice un catálogo.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio vota en falta que se indique quen vai a levar a cabo esa ordenanza para comprobar que todo se faga ben e engadirla que, dentro da documentación a presentar coa comunicación previa, se contemple a presentación de fotografías indicativas do estado inicial do viario para facilitar o contraste co estado final.

O alcalde alédase do consenso. Di que se o maderista se fai os traballos forestais con responsabilidade e no tempo adecuado o único custo que para a ter serían os 20 €. Se non o fai correctamente terá as sancións correspondentes e a obriga de reparar os danos causados. Resposta que o control e vixilancia levarase a cabo polos servizos municipais.

Sométese a votación a proposta de modificación da ordenanza reguladora dos usos forestais do solo.

Realizada a votación, a ordenanza resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **2- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA.**

O alcalde asume a defensa da seguinte proposta de resolución:

*“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:*



*Nun termo municipal coma o de Outeiro de Rei, caracterizado por unha importante dispersión da poboación, cunha extensa rede viaria e un considerable porcentaxe do territorio adicado a pequenas explotacións forestais, o control das actuacións de xestión da biomasa vexetal é fundamental, tanto por motivos de prevención de lumes forestais, coma para evitar danos ao dominio público viario ou, no seu caso, para reparalos.*

*Esta actividade de control e reparación absorben cuantiosos recursos personais e materiais. Por outra banda, a meirande parte das actuacións traen causa de un previo incumprimento polos propietarios dos seus deberes de xestión.*

*Co gallo de repercutir a quenes non cumpren as súas obrigas de xestión ou aqueles outros que realizan unha explotación económica forestal os custes da intervención municipal que provocan, propónse a aprobación da seguinte:*

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA**

##### *Artigo 1º- Feito Imponible*

*Constitúe o feito imponible da taxa a actividade realizada polo Concello de Outeiro de Rei como consecuencia do incumprimento polos particulares dos deberes de xestión da biomasa vexetal recollidos na lexislación forestal e máis na ordenanza municipal.*

*Estará suxeito á presente taxa:*

- *A tramitación de expedientes de xestión da biomasa.*
- *A tramitación de expedientes de reposición do dominio público alterado como consecuencia de accións de corta, depósito ou saca de madeira.*
- *A tramitación de expedientes de comunicación previa de corta e saca de madeira.*
- *A realización de actuacións de recuperación do dominio público viario.*

##### *Artigo 2º- Base imponible*

*Constitúe a base imponible da taxa o custe estimado da actividade realizada, integrado polos gastos derivados da intervención do persoal e do material necesarios para a súa realización.*

##### *Artigo 3º- Suxeito pasivo*

*Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, os titulares do dereito real de aproveitamento das parcelas cuxa xestión forestal orixine a actuación municipal.*

*No suposto da tramitación de expedientes de comunicación previa ou de reposición do dominio público viario terán a condición de substitutos do contribuínte as empresas ou profesionais que realicen as actuacións de corta ou saca de madeira.*

##### *Artigo 4º- Cuota tributaria*

*As cuotas tributarias son as seguintes:*



- 1 *Tramitación de expedientes de xestión da biomasa: 100 euros.*
- 2 *Tramitación de expedientes de reposición do estado das vías asfaltadas alteradas como consecuencia de accións de corta, depósito ou saca de madeira: 300 euros.*
- 3 *Tramitación de comunicacións previas de corta e saca de madeira: 20 euros.*
- 4 *Realización de actuacións de recuperación do dominio público viario:*
  - a) *Retirada de árbores caídos sobre vías asfaltadas e cuxo pé se atopase a unha distancia inferior aos 10ml. da arista exterior da explanación: 100 euros polo primeiro árbore e 50 euros por cada un dos seguintes árbores retirados na mesma actuación.*

*No suposto de actuacións en solo de núcleo rural, a distancia do vial redúcese a 5 ml.*
  - b) *Recuperación do vuelo de vías asfaltadas mediante a poda en altura das polas das árbores que o invadan: 20 euros por cada metro lineal de poda.*

#### *Artigo 5º - Xestión da taxa*

*No suposto de tramitacións de expedientes, a taxa devéngase no momento de presentación co inicio do expediente correspondente e a obriga de pago iníciase coa liquidación tributaria xirada a tal efecto pola Administración.*

*No suposto de realización de actuacións de recuperación do dominio público viario a taxa devéngase no momento de realización da actividade e a obriga de pago iníciase coa liquidación tributaria xirada a tal efecto pola Administración.*

#### *Disposición derogatoria*

*Queda derogada o seguinte apartado contido no artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos:*

*Taxa por expedición de ordes de xestión da biomasa vexetal derivadas do incumprimento do titular da obriga de xestión: 80 euros/parcela.*

#### *Disposición final – Entrada en vigor*

*A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.*

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, considera que éste non é o tempo máis propicio para a imposición de novas cargas fiscais e, por outra banda, considera que debe estabrecerse un certo período transitorio para que os cidadáns poidan poñer as súas fincas ao día e non lles colla este réxime de súpeto.

O alcalde responde dicindo que se contradicen, senón ai ordenanza porque non a hai e si se propón unha é un problema.

Recorda que non habería necesidade de facer esta ordenanza se a xente actuara correctamente e respetase a lexislación de xestión da biomasa. O que se trata e de facer ben as cousas, non sendo intervencionistas nin recaudadores. O que propón é recuperar os custes nos que incurre o Concello como consecuencia da necesidade de realizar algunhas actuacións que, correspondendo aos particulares, éstos non asumen as súas obrigas.





Vendo que pola tramitación que conleva, segundo informa o secretario é probable que ata primeiros de ano non poida entrar en vigor. No obstante, propón retrasar a entrada en vigor o até o 1 de febreiro do ano 2021 deixando un mes máis de marxe.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos di que con este período transitorio votaran a favor.

Sométese a votación a proposta de aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa de realización de actuacións de xestión da biomasa.

Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes..

#### **4. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MANTER UNHA REUNIÓN DUNHA COMISIÓN DO PLENO DO GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

##### **MOCIÓN PARA MANTER UNHA REUNIÓN DUNHA COMISIÓN DO PLENO DO GOBERNO DA DEPUTACIÓN PARA TRATAR OS PROBLEMAS DO CONCELLO QUE SON DA SÚA COMPETENCIA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As Deputacións Provinciais foron creadas hai xa 200 anos, creación que foi feita en base a unha división provincial artificial, que non responde á realidade social e económica da poboación, e baixo un sistema administrativo totalmente centralizado onde o poder de actuación dos concellos era case nulo e, por suposto, as administracións autonómicas non existían.*

*Ademais diso, o propio sistema de elección tanto dos deputados e deputadas como da propia Presidencia expresa moi ben esa constitución caduca, pois é totalmente antidemocrática e distante da cidadanía, non participando esta en ningún momento na elección deses representantes e descoñecendo na súa gran maioría cal é o procedemento para a elección desas persoas que exercen a súa representación na Deputación.*

*Esas dúas cuestións, a creación caduca e o seu funcionamento antidemocrático farían que esas administracións tiveran desaparecido hai xa moitos anos, pasando as súas competencias e orzamentos á Xunta e aos concellos, dependendo dos casos.*

*Pero a realidade unha vez máis non é acorde ao sentido común e por intereses totalmente caciquís e clientelares, quen tivo a responsabilidade de introducir estes cambios non o fixo e, polo tanto, seguimos a ter unha administración como son as Deputacións en pleno apoxeo de competencias, controlando unha gran cantidade de recursos e orzamentos e onde o seu comportamento resulta transcendental para concellos pequenos ou medianos coma o de Outeiro de Rei.*

*Dado que a medio prazo non se prevé que a situación cambie, faise obrigado para calquera organización política que traballe no eido do municipalismo teña estratexias e propostas para traballar dun xeito conxunto con esas administracións, para que dese xeito se poida sacar o maior partido posible a esa gran cantidade de recursos e competencias que xestionan.*

*Dese xeito, a Deputación de Lugo ten competencias nunha boa parte do noso viario, con estradas moitas delas con moitas deficiencias e que necesitarían intervencións urxentes. Tamén posúe a propiedade das Insuas do Miño, máis de 105 hectáreas de reserva natural, e as “barreiras” da cerámica de Bonxe, que tanto unha coma as outras ben xestionadas poderían representar un potencial incalculable para Outeiro e que, pola contra, están totalmente abandonadas.*



*Dende o BNG vimos observando nos últimos anos como o Alcalde se limita a queixarse dun xeito continuado do “maltrato” ao que é sometido pola Deputación de Lugo, pero pola contra e ao mesmo tempo tamén observamos como nos últimos 12 anos non se produciu ningunha xuntanza oficial entre o alcalde de Outeiro e o goberno da Deputación.*

*Aínda máis, proba desta desidia vímola no último ano en dúas ocasión, onde dende o BNG se propoñían que o Pleno de forma conxunta solicitara á Deputación o arranxo e adecuación das estradas de Mosteiro e Bonxe-Paz ou a construción dunha ruta verde dende a urbanización de Guillar ata Martul e en ámbolos dous casos o alcalde e os seus concelleiros e concelleiras votaron en contra.*

*No BNG cremos que esa situación debe mudar, cremos que os veciñas e veciños de Outeiro non poden seguir a pagar as consecuencias dos enfrontamentos políticos do seu alcalde e que hai que sentarse cos responsables da Deputación para falar de todos os problemas que ten Outeiro de Rei e sobre os que a Deputación de Lugo pode actuar.*

*É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde a solicitar o antes posible unha reunión dunha comisión deste Pleno Municipal co goberno da Deputación para tratar e intentar dar solución aos problemas que ten o concello de Outeiro de Rei que puideran ter relación con competencias da Deputación de Lugo. Nesta comisión estaría o Alcalde xunto cun membro de cada grupo político”.*

A concelleira do PSOE está de acordo que é unha institución que está un pouco pasada de moda, pero non se pode esquecer que é unha Administración que está preto das necesidades dos cidadáns e, sobre todo, dos concellos medianos e pequenos. En moitas ocasións, como ten comentado o Sr. Alcalde non fai actuacións para solventar moitos problemas que ten este Concello.

O alcalde afirma que, con independencia da súa opinión –segundo a cal as Deputacións son perfectamente prescindibles- o feito é que son institucións democráticas, xa que os seus membros son elixidos polos concelleiros, que son elixidos democráticamente en cada Concello. Existen outras formas de elección indirecta, coma ao Presidente da Xunta ou do Goberno, e non por iso non decimos que non son elixidos democráticamente.

A ventaxe que teñen as Deputacións é que teñen moitos cartos sen comprometer de antemán, a diferenza dos Concellos, o que lles outorga un amplo marxe de discrecionalidade na asignación dos fondos.

Está de acordo que debería axudar máis aos Concellos e xestionar debidamente os servizos que presta. O estado das estradas provinciais é un exemplo da pésima xestión provincial.

Ao alcalde comenta, que como deputado que é, que non se lle ocorre plantexarlle ao presidente da Deputación que cada vez que queira negociar co Presidente da Xunta facelo cunha comisión da Deputación. Eles teñen o goberno e son os responsables, do mesmo xeito que que ten que negociar coa Deputación son os responsables do Concello. O que pode facer o BNG é trasladar aos seus representantes no Goberno da Deputación que atendan as peticións e propostas do Concello.

Incorporase á sesión a concelleira Begoña Seco Varela.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro, resposta ao alcalde de que está convencido que os representantes do BNG que forman parte do Goberno da Deputación, se o alcalde do Concello de Outeiro de Rei lles pide unha entrevista, lla concederán. Tamén asegura que en doce anos nunca o alcalde oficialmente unha entrevista aos membros do Goberno Provincial para solucionar os problemas deste Concello.





Non é comparable que a xente vote nunhas eleccións xerais ou autonómicas ou municipais para elixir os deputados ou concelleiros que a súa vez van nunha lista que a xente coñece, ao caso das Deputacións, da que a xente descoñece completamente cando vota a identidade dos que poden saír elixidos.

O obxectivo non é cuestionar o papel que fixo o bipartito estes anos na Deputación, sendo crítico con cousas que se fixeron. Comparado coa época negra cando era presidente o Sr. Cacharro Pardo e as barbaridades que se fixeron respecto a esta Provincia, polo que calquera cousa despois de iso é o menos mala que a anterior.

Pode ser certo que Outeiro de Rei despois desa época non recibiu o que tiña que recibir, e por iso esta moción para pelexar polo que lle corresponda. E os concelleiros e concelleiras do BNG estarán a disposición do alcalde para que ante a Deputación ou calquera Administración poder conseguir fondos para este concello en prol dos veciños do Concello de Outeiro de Rei, sexa quen sexa quen governe, e recórdalle ao Alcalde que sempre terá o apoio do BNG para acadar financiamento para este concello.

O alcalde responde ao concelleiro do BNG que non ve que fagan moita crítica. Entende que a Deputación de Lugo ten uns criterios equívocos á hora de repartir os fondos.

Fala da época de Cacharro, pero oito anos seguintes de goberno de Besteiro foron bastante peores, caracterizádonse por un uso totalmente arbitrario dos fondos públicos e que perxudicaron enormemente a este Concello.

Afirma que non hai ningún Presidente da Deputación que non lle pedira unha entrevista. Algúns deles visitaron Casa Consistorial de Outeiro de Rei e chegaron a ofrecer axuda a este Concello e á hora da verdade nunca máis o volveron atender.

Invita aos concelleiros da oposición a que, se teñen algunha proposta que a propoñan ao alcalde ou, se o prefiren, a presenten directamente neste Pleno. Afirma que poden ter unha entrevista co alcalde cando queiran, non sendo necesaria a súa solicitude por escrito, para proponer o que consideren.

Rematado o debate sométese a votación a proposta de aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por oito votos en contra do grupo municipal do Partido Popular e tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSOE.

## 5- ROGOS E PREGUNTAS

Iníciase o tratamento de este punto da orde do día coa lectura polo Secretario, do rogo presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG do seguinte teor literal:

*Xabier Molinos Campos, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte*

**ROGO REFERIDO Á RETIRADA DA PLACA DE EXALTACIÓN FRANQUISTA EXISTENTE NA IGREXA DE SOBRADA**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: En decembro de 2007 entrou en vigor a Lei 52/2007 de Memoria Histórica presidida polo desexo de contribuír á concordia nacional desde a reparación ás vítimas da Guerra Civil e a Ditadura franquista e a contribución, mediante un catálogo de políticas públicas que define o seu articulado, ao dereito á memoria familiar e persoal.*

*Con todo, son moitos os vestixios da Ditadura que persisten no noso espazo público Por esta razón é imprescindible avanzar no cumprimento da lei e facer realidade que o espazo público dunha sociedade democrática non pode albergar símbolos, nin recoñecementos públicos a un réxime ditatorial e a unhas persoas que reprimiron as liberdades durante catro*



décadas. Neste sentido o artigo 15.1 da Lei 25/2007 de Memoria Histórica define que corresponde aos poderes públicos tomar as medidas oportunas para “a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura”.

No Pleno do pasado 31 de outubro de 2019 (hai un ano) o Alcalde ante unha moción presentada en termos semellantes respotaba que no concello de Outeiro de Rei non existía ningún vestixio dos que nomea o artigo anteriormente citado. Isto non é así, xa que na Igrexa de Sobrada atopamos unha placa que incumpre con dito artigo.

Tendo en conta que en outubro de 2017 o Parlamento Galego aprobou (cos votos a favor de tódolos grupos) unha moción do BNG na que se instaba á Xunta a negociar coa xerarquía católica a retirada de inscricións franquistas das fachadas das súas propiedades (especialmente das igrexas). Ademais a moción apelaba ao Goberno para que, no caso de que a Igrexa “non mostrara disposición negociadora” para iniciar o proceso se aplicara a Lei de Memoria Histórica e a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e se procedera a abrir “os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando a súa dobre condición de símbolo de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio cultural galego”.

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:

Que o concello de Outeiro de Rei inste á Igrexa Católica a retirar a placa existente na igrexa de Sobrada “aos caídos pola patria”, xa que incumpre co estipulado tanto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia como na Lei de Memoria Histórica dado que só recoñece as vítimas dun bando da Guerra Civil española.

A instancias do alcalde, o Secretario da lectura en viva voz do seguinte rogo presentado polo grupo municipal do BNG:

Xabier Molinos Campos, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte:

#### ROGO REFERIDO Á LIMPEZA DAS RÚAS DE ACCESO AO CEMITERIO VELLO E COIDADADO DO CEMITERIO NOVO DE OUTEIRO DE REI

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** O coidado dos bens de titularidade municipal é unha obriga inescusable do concello, máxime cando esa falta de limpeza pode provocar falta de seguridade aos peóns e incluso perigo de accidentes por esvaróns.

As rúas do Pazo e da Igrexa que dan acceso aos peóns que se dirixen cara o cemiterio vello da vila de Outeiro atópanse cheas de mofo, debido a humidade e falta de limpeza, o que fai que o solo estea moi esvaradizo, co perigo que iso significa.

Do mesmo xeito, o cemiterio municipal de Outeiro segue nun estado de falta de coidado non acorde a un concello coma Outeiro de Rei, e necesita unha intensa limpeza das dúas instalacións así como un coidado do conxunto en xeral, cuestións que non se levaron a cabo a pesares do compromiso do alcalde ante un rogo presentado polo BNG o pasado 31 de outubro do ano pasado.

Toda esta situación agrávase máis se cabe nestas datas, pois o número de persoas que acode aos cemiterios aumenta considerablemente co que as situacións de perigo ou de falta de coidado fanse máis graves.

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte

**ROGO:** Que o concello proceda de xeito urxente a lavar convenientemente a Rúa do Pazo e a Rúa da Igrexa para sacarlle o mofo orixinado pola humidade e evitar o solo esvaradizo que hai neste momento. Do mesmo xeito tamén se solicita que se cumpra o



*compromiso por parte do alcalde de hai un ano e proceda a limpar e “humanizar” as instalación e inmediacións do cemiterio novo de Outeiro de Rei.*

O alcalde comenta que isto xa se fai habitualmente. Actualmente estase no momento da caída da follas e se está a limpar. En calquer caso ao seren unha zoa sombría tende a ser máis húmida e, consecuenmente, máis esbaradiza. Na zona do cemiterio novo constantemente se están facendo tarefas de mantemento e limpeza.

O Secretario da lectura en viva voz do escrito de preguntas formulado polo grupo municipal do BNG, do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía as seguintes*

#### **PREGUNTAS REFERIDAS AOS REMANENTES RETIDOS AOS CONCELLOS POLA LEI MONTORO**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Os concellos galegos poderán, finalmente, empregar os aproximadamente 1.000 millóns de euros de remanentes que lles tiña retido o Estado español desde a aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, popularmente coñecida como Lei Montoro, por ser impulsada polo ministro de Facenda de Mariano Rajoy, Cristóbal Montoro.*

*A norma, elaborada a instancias da Comisión Europea e imposta no marco do rescate ao Estado español formalizado en febreiro de 2012, foi un instrumento básico para a aplicación das políticas de austeridade e serviu para trasladar os axustes fóra do ámbito de competencias da Administración estatal.*

*A ministra de Facenda, María Jesús Montero, anunciou o pasado 30 de setembro a autorización estatal ao emprego destes fondos por parte dos concellos e a suspensión das regras fiscais que impediron o uso dos fondos, como demandaban gran parte dos partidos políticos, entre eles o BNG. Medida que foi ratificada o pasado 20 de outubro no Congreso dos Deputados.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes PREGUNTAS:*

*Ten pensado xa en que partidas, proxectos, accións, programas...empregar os 239.519€ que ten o Concello de Outeiro de Rei de remanentes?*

*Prevé empregarlos na loita contra os efectos da Covid-19?*

O alcalde resposta que os recursos se empregarán nas cousas que sexan máis necesarias e que espera que dende a Administración do Estado se repartan máis cartos para os concellos, xa que ata agora non se fixo nada.

Evidentemente utilizaranse, como todos os anos, todos os recursos posibles para prestar e mellorar os servizos e este ano con máis razón polos gastos derivados da Covid-19.

Acto seguido, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía as seguintes*

#### **PREGUNTAS REFERIDAS AO NÚMERO DE CASOS POSITIVOS DE COVID-19 NO CONCELLO DE OUTERIO DE REI**



*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Hai unha semanas o Presidente da Xunta anunciou que comunicaría puntualmente aos concellos o números de casos positivos que houbera en cada momento en cada concello.*

*Poder coñecer o número de persoas afectadas en cada momento é un dato moi importante para poder ter unha idea clara e transparente de cal é a situación sanitaria da nosa veciñanza e, ademais, afecta dun xeito determinante a moitas decisións políticas que se deberan tomar en función da situación existente.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes PREGUNTAS:*

*Ten o concello de Outeiro coñecemento dos datos referidos ao número de persoas contaxiadas neste momento no concello?.*

*En caso afirmativo, cal é ese número?*

*En caso negativo, cal é o motivo de que non se fixera público aínda ese número de persoas afectadas por concello?*

O alcalde traslada que será contentada pola tenente alcalde.

A tenente alcalde do Concello de Outeiro de Rei, dona Begoña Seco Varela responde que a Consellería de Sanidade publica un mapa de cores nas cales están estipulados o número de persoas contaxiadas e, por suposto, neste mapa publícanse os datos actualizados correspondentes ao Concello de Outeiro de Rei.

## **6- DACIÓN DA CONTA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019.**

Dase conta da liquidación do orzamento do exercizo 2019, cuxa documentación foi remitida a todos os grupos políticos.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

